



XUNTA DE GALICIA

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E
O CONCELLO DE ORDES PARA A REALIZACIÓN DUNHA OBRA DE
INFRAESTRUTURA RURAL**

Santiago de Compostela, a 22 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Miguel Ángel Pérez Dubois, actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural** da Xunta de Galicia, na súa calidade de director xeral de Desenvolvemento Rural, e ao abeiro da Orde de delegación de 17 de novembro de 2015 (DOG Nº 223 do 23 de novembro de 2015)

Doutra parte, José Luis Martínez Sanjurjo actuando en nome e representación do Concello de **Ordes** na súa calidade de Alcalde-Presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- O Concello de Ordes presenta unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial, producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.



XUNTA DE GALICIA

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

CUARTO.- As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

O concello de **Ordes** considera necesaria a execución da seguinte obra de infraestrutura rural **“Ponte sobre o rego Lesta (Lesta)”**, con destino ao uso ou servizo público, sen que poida acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural, en uso das súas competencias, coincide co Concello no uso público da obra.

Xa que logo, as partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecéndose capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

É obxecto do presente Acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra sinalada no anterior apartado cuarto, titularidade do Concello de Ordes, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido.

Segunda.-

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **57.989,35 €**.



XUNTA DE GALICIA

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adxudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior. O financiamento destas obras será con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.551A.604.1, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano 2017 : **3.989,35 €**

Ano 2018 : **54.000,00 €**

Terceira.-

As obras obxecto de contrato son financiadas con fondos propios.

Cuarta.-

O concello de **Ordos** en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo acordo da Xunta de Goberno do 15 de decembro de 2017

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a refer da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir -unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

Quinta.-

O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra, deberá acreditar, nos termos sinalados, a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

Sexta.-

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.



XUNTA DE GALICIA

Sétima.-

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural e o Alcalde como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Oitava.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula sexta.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula segunda.

Novena.-

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Décima.-

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Décimoprimeira.-

O convenio esta suxeito, en canto a súa publicidade, a Lei 1/2016 do 16 de xaneiro, Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, e ao Decreto



XUNTA DE GALICIA

126/2006 do 20 xullo polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimosegunda.-

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexeráse pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 e demais normas de Dereito administrativo e en defecto desde último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Décimoterceira.-

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, o obrigado con iso ás Administracións que representan, asinan por duplicado exemplar o presente Convenio, no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA,
O DIRECTOR XERAL DE
DESENVOLVEMENTO
RURAL

POLO CONCELLO DE
ORDES
O ALCALDE-PRESIDENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois

José Luis Martínez Sanjurjo